

Resolución pola que se amplía o prazo de realización do terceiro exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 21 de decembro de 2023 para o acceso á escala administrativa, pola quenda de acceso libre.

O segundo exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 29 de marzo de 2025.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo para o acceso á escala administrativa.

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O reitor
Antonio López Díaz
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
17/04/2025 16:09:03.

CSV: 91E4-D3B0-4F65-AD1A